

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 27 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de instalación dunha planta de compostaxe nunha explotación avícola de ceba de pavos, na parroquia de Ligonde, no concello de Monterroso (Lugo) (expediente 2021/0179).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 23 de setembro de 2022, do proxecto de instalación dunha planta de compostaxe nunha explotación avícola de ceba de pavos, na parroquia de Ligonde, no concello de Monterroso (Lugo), promovido por Avícola O Marco, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: szjykc22-0sd4-ddb6-w006-2qms0emx02z1

